

Revolución rusa

A Rusia Tsarista



Concentración da propiedade da terra
en mans da nobreza

Reformas ineficaces

Industrialización limitada




**Poder político
en mans do Tsar**



Sistema autoritario

Poder absoluto

Represión de toda
forma de oposición



REVOLUCIÓN DE 1905

Neste ano a situación, xa de por si grave, experimenta un empeoramento, sobre todo no aspecto económico, debido basicamente a :



Derrota militar na Guerra ruso.xaponesa.



Desencadeada polas ambicións imperialistas de ámbolos dous contendentes nas rexións de Manchuria e Corea. As levas e o aumento dos impostos para sufragar os gastos bélicos botan máis gasolina ó lume.

Motín do acoirazado Potemkin



A tripulación deste buque de guerra sublévase contra os oficiais do mesmo polo seu trato vexatorio. Fanse co control. A resposta das autoridades tsaristas foi o envío de buques para acabar co Potemkin. A solidariedade dos soldados destes barcos fai que a tripulación **se negue a obedecer as ordes de disparar contra o Potemkin**. Os víveres e o combustible escasean no acoirazado, polo que se decide poñer rumbo a Rumanía onde a tripulación abandoa definitivamente o buque.

Folgas obreiras.

Provocadas polo malestar dos obreiros e campesiños, vítimas dunha situación dificilmente soportable, defraudados uns polo fracaso da reforma agraria e outros polo deterioro da súa, xa de por si, pésima condición de vida



O Domingo Sanguento

Consecuencia da ineficacia das folgas os obreiros de san Petersburgo maniféstanse ante a residencia do Tsar Nicolas II para presentar unha serie de reivindicacións nas que reclamaban a fin dos abusos, o recoñecemento de liberdades e dereitos e a creación dunhas bases para unha democracia representativa, malia ó carácter pacífico do evento a Garda Imperial dispara contra a multitude provocando centos de mortos e feridos.




Créase tamén un réxime representativo, cun parlamento ou Duma, elixido por amplo sufraxio e con poderes lexislativos. Sen embargo foi máis aparente que efectiva esta serie de reformas: o tsar reservábase o dereito de vetar calquera lei, e a manipulación para deixar a Duma en mans de elementos conservadores foi práctica habitual. A isto hai que engadir un novo fracaso na nova reforma agraria, a crecente represión política e a influencia de personaxes “escuros” como Rasputín

A dureza da represión provoca unha condena internacional e no interior acelerou a formación dun movemento revolucionario organizado; as folgas sucédense así como motíns e levantamentos.

O Tsar, forzado polos acontecementos vai anunciar en outubro dese 1905 unha serie de medidas liberalizadoras coa esperanza de acougar ó seu pobo:

- Liberdade de conciencia.
- Liberdade de expresión.
- Liberdade de reunión.
- Liberdade de asociación.



REVOLUCIÓN DE 1917 – Febreiro

No ano 1914 estala a I Guerra Mundial e Rusia entra nela agravando a súa delicada situación interna con enormes perdas territoriais e humanas



Estas circunstancias desencadean unha folga xeral e unha revolución espontánea, as tropas destinadas en Petrogrado a reprimir as manifestacións únense ós folguistas. Os eseritas, menxeviques e bolxeviques reorganizan o sóviet de Petrogrado e esixen reformas democratizadoras e a fin da guerra.

O Tsar perde a maior parte dos seus apoios e abdica a principios de marzo; fórmase un goberno provisional sobre todo con ministros do KDT e o eserita Kerenski



Entre marzo e outubro houbo dous poderes paralelos: o do goberno provisional e o dos sóviets. O primeiro comeza unha serie de reformas democráticas pero mantén a Rusia na guerra, o cal provoca a aberta oposición, sobre todo, dos bolxeviques.



SÓVIET:

Asembleas de campesiños, obreiros e soldados que se converteron en organismos fundamentais da Revolución.

Lenin, líder dos bolxeviques, vai expoñer as súas “**Teses de abril**”, evidentemente nese mes, nas que propón:




A ruptura co goberno provisional e os seus colaboradores




A necesidade de pasar da revolución burguesa á socialista, todo o poder debe recaer nos sóviets.



**Vladimir Ilich Ulianov
“Lenin”**



**Alexander
Fiodorovich
Kerenski**



**Liev Davidovich
Bronstein “Trotski”**

En xullo de 1917 os bolxeviques intentan facerse co poder, o goberno provisional declara ilegal ó partido e Lenin debe fuxir do país, outro líder bolxevique, Trotski, é encarcerado. O eserita Kerenski preside un novo goberno de coalición



Kornilov

Pero non só pola esquerda ten motivos de temor o goberno provisional, os nostálxicos do goberno do Tsar, encabezados polo xeneral Kornilov, tentan un golpe de estado; para detelos vai ser precisa a actuación dos ilegalizados bolxeviques.

REVOLUCIÓN DE 1917 – Outubro

Lenin regresa do exilio a principios de outubro e convence ós seus compañeiros para levar a cabo unha insurrección armada.

O 25 de outubro prodúcese o asalto ó Palacio de Inverno, sé do goberno provisional, os bolxeviques apresan ós membros deste, coa excepción de Kerenski, que consegue fuxir.

O Partido Bolxevique conta cunha ampla maioría no Congreso de Sóviets de toda Rusia. Lenin e Trotski forman un novo goberno que recibe o nome de **Consello de Comisarios do pobo**. O seu presidente será Lenin.




CREACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

As primeiras medidas no novo goberno van ser dous decretos de gran importancia:

O Decreto sobre a paz.

Abandoar a guerra era unha das principais demandas populares




O Decreto sobre a terra.

Exprópanse as terras de:

**Terratenentes
Coroa
Igrexa**

**Repártense entre os
Sóviets de campesiños**



Para conseguir unha paz inmediata acordouse un armisticio e a apertura de negociacións, nas cales os alemáns, en situación de forza, impuxeron as súas condicións



Polonia e as tres repúblicas bálticas (Estonia, Lituania e Letonia) quedaron baixo control xermano, Xeorxia, Ucraína e Finlandia accederon á independencia.

A dureza das condicións resulta máis claro se temos en conta que Rusia perdeu un territorio onde vivía, aproximadamente, un tercio da súa poboación, un tercio das súas terras cultivadas e as tres cuartas partes das súas zonas industriais.

Só podemos comprender que aceptasen este tratado se entendemos a desesperada situación do novo estado soviético, que non tiña posibilidade de facer fronte ó exército alemán.

Nikolái Aleksándrovich, en vista do feito de que os teus parentes continúan co seu ataque á Rusia Soviética, o Comité Executivo dos Urais decidiu executarte.




A familia real rusa é executada.

A GUERRA CIVIL

Os problemas da neonata república non remataron coa saída da I Guerra Mundial. A oposición máis forte ó réxime soviético foia dos chamados “rusos brancos” tropas organizadas por antigos oficiais tsaristas que acabaron por provocar unha guerra civil en 1918



Os “brancos” contaron co apoio de Estados Unidos, Francia, Gran Bretaña e O Xapón, temerosos dun goberno socialista que ía contra dos seus intereses económicos e ademais era un mal exemplo que podían seguir outros pobos



A guerra foi longa (1918-1922), pero as dificultades fixeron que os bolxeviques se superasen. Trotski forxou o “**Exército Vermello**” que acabou por conseguir gañar a guerra civil e case reconquistar as terras perdidas no tratado de Brest-Litovsk.



Durante a Guerra Civil instaurouse o **Comunismo de Guerra** :

- Nacionalización da industria.
- Supresión do diñeiro.
- Prohibición do libre intercambio de bens.
- Supresión do dereiro de folga.
- ...


As medidas foron un fracaso e provocaron gran malestar, manifestado en folgas, sublevacións e rebelións. Lenin decide cambiar o rumbo da política e anuncia a **NEP** Nova Política Económica, un retorno parcial á economía de mercado. Os resultados foron en principio positivos.





En 1922 creouse a **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas** á que se federaron en igualdade as repúblicas de Ucraína, Bielorrusia, Acerbaixán e Xeorxia.

Morte de Lenin, a sucesión



Á morte de Lenin comezan as disputas entre os dirixentes bolxeviques por facerse co poder. Os máis sobranceiros serán Trotsky e Stalin.

Falleció León Trotsky a consecuencia de las heridas que le infiriera un hombre que se supone agente de la OGPU

EL DECESO SE PRODUJO DESPUES DE DOS DIFICILES OPERACIONES, A LAS 7 Y 25 DE LA NOCHE DE AYER

Ciudad de México, 31. (United). — A las 7 y 25 p.m. dejó de existir León Trotsky en el Hospital de la Cruz Verde, como resultado de las heridas que el infiriera un hombre a quien se creía su amigo íntimo.

En el momento de la muerte del revolucionario ruso, rodaban el hecho su esposa, dos miembros de su guardia personal, Jase Cooper y Otto Schneider y tres médicos.

El deceso se produjo dos horas y veinticinco minutos después de que el hospital diera a conocer un boletín anunciando que "habían dejado de pronunciar los moviendos reflejos, pero, aunque los médicos esperanzas".

poco antes de morir, Trotsky murmuró a su secretario: "Decid a nuestros amigos que estoy seguro del triunfo de la Guardia Internacional. Avanzad".

Los médicos explicaron que la profunda herida a' perforó el cerebro de Trotsky, aunque causaba la muerte a cualquier hombre normal en forma casi instantánea, pero el ruso, no obstante su frágil y nerviosa constitución, consiguió recuperar sus fuerzas hasta el punto de debatirse más de 24 horas con la muerte.

Las dos difíciles operaciones al cerebro resultaron inútiles.

Mientras tanto, el viceministro, Drensky, tendrá que hacer frente a una acusación por asesinato. También será procesada la supuesta esposa de Jackson, que se halla detenida.

De síte, aunque aún , continuaron, que más veinte personas han sido uenidad.

a medida que se aproximaba el fin,



Leon Trotsky

dió a la política del ex de Jacques Mod- tan Van den Broekend; declaró la edad de 31 años y ser unido del Irán.

En un momento de locura, Trotsky declaró que al verse atacado, gritó: "¡retrocede!", que se levantó y cogió a su agresor, acercándose hacia la puerta, para impedir que se escapara, y al llegar a este punto el ex-lider soviético cayó de bruces.

Jackson frecuentaba la casa de Trotsky y nunca se había sospechado que fuera un agente de la OGPU. Expone el asesinato que Jackson utilizó a la hora de guardada casa de Trotsky, en Copacabana, ayer a las 5 y media de la tarde y expuso al anciano revolucionario que había escrito un artículo sobre el que quería pedirle su parecer, Trotsky lo invitó a pasar a su escritorio y la primera señal del ataque que escuchó Hatan fueron "unos gritos terribles y el ruido de una violenta lucha". Dos de los guardas espaldas apostados cerca de la casa corrieron hacia el comedor, que está junto al escritorio, mientras Trotsky caía bañado en sangre, de cara al suelo. Uno de los guardas alzó al agresor, mientras el otro se acercaba al cuerpo caído. Aparentemente el viejo revolucionario fue golpeado por la espalda, con un pico de minero o un alpenstock, cuya punta le entró en el cerebro.

"En lugar de caer inconsciente -dice Hatan- como, indudablemente, había esperado el asesino, Trotsky luchó con su agresor. Mientras yacía sangrando en el suelo, me relató a mí y a su esposa el ataque; me dijo Jackson me disparó con su revólver. Me hirió gravemente. Creo que esta vez es el fin. Creo que esta vez han logrado su propósito".

Hatan terminó exponiendo: "Stalin, el sepulturo de la revolución de Octubre y el asesino de toda una generación bolchevique ha conseguido acentuar un golpe mortal al último representante de una época heroica".

En 1940 un Trotsky exiliado en México foi asasinado por orde de Stalin.

Outros destacados membros do Partido Comunista sofren as famosas e terribles "purgas" Stalin instaura unha ditadura baseada no culto á personalidade e a represión e eliminación total de toda disidencia, os seus instrumentos serán a NKVD (policía política) e os Gulag (campos de traballos forzosos).